

PROGRAMACIÓN DE AULA DO 5º CURSO

EDUCACIÓN MUSICAL

CURSO 2021/2022

CEIP DE CEDEIRA

JOSÉ LUIS OJEA VELOSO

1. INTRODUCCIÓN

Esta programación vai destinada a un grupo de 12 alumnos e alumnas de 5º de primaria do Ceip de Cedeira. Contaremos cunha hora de clase á semana. No apartado de puntos comúns elaborado pola titora pódense consultar aspectos sobre o centro, o contexto socioeconómico no que está situado e as características do grupo de quinto en concreto.

2. CONTRIBUCIÓN DA EDUCACIÓN MUSICAL AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Referidas á competencia en Comunicación lingüística:

1. Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.
4. Aprender vocabulario musical en galego: relacionado coa linguaxe musical, coa audición de obras clásicas e populares, instrumentos...

Referidas á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

1. Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática nos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
4. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.
5. Traballar as figuras musicais e os seus silencios. Número de pulsos, transformación dunhas noutras, equivalencias entre elas, engadido de puntiños, ligaduras...

Referidas á Competencia dixital:

1. Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital de imaxe e son como ordenador, tablets, PDI, CD, reprodutores mp3, mp4...
2. Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...
3. Empregar distintas fontes para a procura de información.
4. Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
5. Empregar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Referidas ás Competencias sociais e cívicas:

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
5. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
6. Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións.

Referidas á Conciencia e expresións culturais:

1. Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
2. Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
3. Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
4. Valorar as manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
5. Representar sons mediante a expresión plástica.
6. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
7. Escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
8. Coñecer os instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa

procedencia (árbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais, ...).

9. Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

Referidas á competencia para Aprender a aprender:

1. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
2. Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
3. Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas; así como nos remates plásticos das follas.
4. Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
5. Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descrições dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
6. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.
7. Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
8. Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Referidas ao Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías
3. Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.
4. Priorizar os obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
5. Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
6. Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.
7. Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.
8. Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
9. Amosar iniciativa persoal para promover ou iniciar novas accións.

3. OBXECTIVOS DA ÁREA PARA 5º DE PRIMARIA

1. Discriminar auditivamente os sons da súa contorna máis próxima diferenciando entre son, silencio e ruído.
2. Discriminar auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa e as profesións) e do propio corpo.
3. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
6. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
7. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
8. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
9. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e ostinato rítmico.
10. Interpretar sons con percusión corporal empregando a técnica de Kodaly para distinguir a duración.
11. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
12. Coñecer e decodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
13. Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
14. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
15. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
16. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.

17. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas
18. Fabricar instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.

4. CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN,

Contidos

Bloque 1 - escoita

- B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.
- B1.2. Asistencia a representacións musicais.
- B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- B1.4. Acento e pulso.
- B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).
- B1.6. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais.
- B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.
- B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.
- B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).
- B1.10. Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna etc.).
- B1.11. Instrumentos doutras culturas.
- B1.12. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.
- B1.13. Melodías con cambios de compás.
- B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.

B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceiras.

Bloque 2 – Interpretación musical

B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.

B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.

B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.

B2.4. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios.

B2.5. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.

B2.6. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.

B2.7. Proxecto: concerto ou musical.

B2.8. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.

B2.9. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

B2.10. Invención e construción dun instrumento.

B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.

Bloque 3 – Música, movemento e danza

B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.

B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

B3.5. Proxecto: certame de danza.

Critérios de Avaliación por bloques.

Bloque 1 - Escoita

B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.

B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.

B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.

B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.

B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.

B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.

B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.

Bloque 2 – Interpretación musical

B2.1. Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.

B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.

- B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

Bloque 3 – Música, movemento e danza

- B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.
- B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.
- B3.3. Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.

**5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CON RELACIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE.
MÍNIMOS DE CASA ESTÁNDAR. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR. GRAO
DE PONDERACIÓN E INDICADORES DE LOGRO**

EDUCACIÓN MUSICAL										5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA		
Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		Temporalización			Ponder	C. clave			
					1ª	2ª	3ª					
BLOQUE 1. ESCOITA												
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. ▪ B1.2. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.2. Manifesta levemente as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras, aínda que haxa que recordarllas. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.4. Coñece, entende e intenta respecta as normas de comportamento en audicións e 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 			

EDUCACIÓN MUSICAL										5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA									
Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		Temporalización			Ponder	C. clave										
					1ª	2ª	3ª												
					representacións musicais.														
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. ▪ B1.4. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto con axuda 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 										
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. ▪ B1.6. ▪ B1.7. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL 										
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL 										
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT 										
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.4. Identifica e intenta utilizar correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 										

EDUCACIÓN MUSICAL										5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA									
Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		Temporalización			Ponder	C. clave										
					1ª	2ª	3ª												
▪ j ▪ i	▪ B1.8.	▪ B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuir á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.	▪ EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.	▪ EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo.	X	X	X	1,5%	▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE										
			▪ EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.	▪ EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.	X	X	X	1,5%	▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC										
			▪ EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.	▪ EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes aínda que non sexa sempre.	X	X	X	1,5%	▪ CIEE ▪ CCL ▪ CD										
▪ j ▪ d	▪ B1.9. ▪ B1.10. ▪ B1.11.	▪ B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	▪ EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	▪ EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo a maioría dos instrumentos.	X	X	X	1,5%	▪ CCEC ▪ CAA										
			▪ EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).	▪ EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). Con axuda	X	X	X	1,5%	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL										
			▪ EMB1.5.3. Procura información,	▪ EMB1.5.3. Procura información,	X	X	X	1,5%	▪ CCEC										

EDUCACIÓN MUSICAL									
5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA									
Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		Temporalización			Ponder	C. clave
					1ª	2ª	3ª		
			organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas. Con axuda					CAA
j	B1.12. B1.13.	B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e intenta represéntala nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	X	X	X	1,5%	CCEC CAA
			EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.	EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.	X	X	X	1,5%	CCEC CMCCT CAA
			EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	X	X	X	1,5%	CCEC CAA
j d	B1.14. B1.15.	B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores	EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.	EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.	X	X	X	1,5%	CCEC
			EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega	EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e	X	X	X	1,5%	CCL

EDUCACIÓN MUSICAL										5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA											
Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Ponder	C. clave															
							1ª	2ª	3ª												
		e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.	evidencias do traballo realizado.	achega evidencias do traballo realizado.																	
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL																					
▪ j ▪ b	▪ B2.1. ▪ B2.2. ▪ B2.3. ▪ B2.4. ▪ B2.5.	▪ B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.	▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras, con axuda.	X	X	X	1,5%	▪ CCEC ▪ CAA												
			▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.	▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. Con axuda.	X	X	X	1,5%	▪ CCEC ▪ CAA												
			▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	▪ EMB2.1.3. Intenta Interpretar pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	X	X	X	1,5%	▪ CCEC ▪ CAA												
			▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar	▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar	X	X	X	1,5%	▪ CAA												
▪ j	▪ B2.6.	▪ B2.2. Participar en producións musicais sinxelas	▪ EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafías convencionais e non	▪ EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafías convencionais	X	X	X	1,5%	▪ CCEC												

EDUCACIÓN MUSICAL										5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA									
Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		Temporalización			Ponder	C. clave										
					1ª	2ª	3ª												
▪ b	▪ B2.7.	de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.	convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.	e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.					▪ CAA										
			▪ EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.	▪ EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.	X	X	X	1,5%	▪ CCEC ▪ CAA										
			▪ EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	▪ EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	X	X	X	1,5%	▪ CSC										
			▪ EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.	▪ EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.	X	X	X	1,5%	▪ CCEC ▪ CAA										
▪ j ▪ i	▪ B2.8. ▪ B2.9. ▪ B2.10. ▪ B2.11.	▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.	▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.	X	X	X	1,5%	▪ CCEC ▪ CD ▪ CAA										

EDUCACIÓN MUSICAL										5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA									
Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		Temporalización			Ponder	C. clave										
					1ª	2ª	3ª												
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 										
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA																			
<ul style="list-style-type: none"> j b 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. B3.2. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.1. Identifica e intenta utilizar o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC 										
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CMCCT 										
<ul style="list-style-type: none"> j b o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. B3.4. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.2.1. Intenta controlar a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT 										
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC 										

EDUCACIÓN MUSICAL									5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA								
Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		Temporalización			Ponder	C. clave								
					1ª	2ª	3ª										
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.2.3. Reproduce con agrado danzas tradicionais galegas e doutras culturas. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC 								
<ul style="list-style-type: none"> j b 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.3.1. Intenta Planificar unha coreografía de acordo coa estrutura musical dada. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CAA CMCCT 								
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> CSC 								
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.3.3. Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.3.3. Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> CCL 								
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.3.4. Aмосa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.3.4. Aмосa interese por mellorar o produto final. 	X	X	X	1,5%	<ul style="list-style-type: none"> CAA 								

6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

- Observación directa da actitude dos alumnos e alumnas diante das actividades propostas. Responsabilidade, material necesario, normas.
- Avaliación continua do alumno por observación directa, tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación.
- Realización de fichas
- Realización de probas tanto de avaliación inicial como de cada unidade.
- Seguimento da avaliación continua da unidade nun rexistro.
- Actividades de repaso ao peche da unidade.
- Preguntas individuais e colectivas.
- Observación e valoración do grao de participación de cada alumno e da calidade das súas intervencións. Colaboración.

7. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Ao tratarse dun número relativamente pequeno de estándares é posible traballalos todos en cada trimestre. Non obstante se isto non fora posible valoraríanse só os traballados e como todos teñen o mesmo grao de ponderación recalcularíase á porcentaxe que correspondera.

O instrumento xeral de avaliación vai ser a observación diaria, realizando preguntas de comprobación, e recollendo ditas observacións en escalas de valoración na propia programación de aula que logo pasaremos a unha lista xeral de cotexo.

Para algúns aspectos concretos que o permitan realizaremos pequenas probas, algunhas tipo test que lle permitirán ao profesor analizar máis polo miúdo os resultados do traballo diario.

Na lista xeral de cotexo tamén se irán recollendo sesión a sesión os datos

da actitude do alumno/a como a responsabilidade do material tanto individual como colectivo, o respecto e cumprimento das normas, o grao de colaboración e interese de participación nas actividades colectivas. É moi importante o grao de esforzo aportado tanto as actividades e interpretacións individuais como as de grupo.

Os criterios de cualificación veñen definidos pola asociación de estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e indicadores de logro. A Nota de cualificación será o resultado de aplicarlle a cada estándar o grao de ponderación segundo os trimestres nos que son traballados e obter así o valor numérico exacto de cada estándar. A suma de valores de cada estándar reflectirá a nota numérica exacta do alumno en cada unha das tres avaliacións. Os indicadores de logro están estruturados en dez niveis que se corresponderán cos valores 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, e 10.

A valoración dos estándares de aprendizaxe suporá o 60% da nota de cada trimestre.

A valoración do traballo persoal e realización de pequenas tarefas individuais, así como a responsabilidade por rematar organizar e presentar correctamente as tarefas suporá un 10% da nota de cada trimestre.

O coidado do material, tanto propio como alleo, así como a responsabilidade de non esquecerlo suporá o 10% da nota de cada trimestre.

O comportamento, o grao de interrupción, o respecto e cumprimento das normas, así como o interese, o esforzo e a colaboración na realización de actividades individuais e colectivas suporá un 20% da nota de cada trimestre.

De forma xeral considérase que o/a alumno/a supera a materia se foi acadando valoracións positivas en cada un dos trimestres. Podería superar a materia aínda acadando tan so valoración positiva no último trimestre cando se recoñeza que a evolución do alumno foi de menos a máis.

Os mínimos esixibles para a promoción resúmense do seguinte xeito:

Recoñecer nas cancións propostas elementos musicais referidos a ritmo, melodía, compás, repeticións...

Aplicar os elementos da linguaxe ás cancións de cada unidade para interpretalas.

Aprender o proceso de traballo para a interpretación de cancións e aplicalo ás cancións da unidade.

Coiñecer as recomendacións básicas para interpretar coa frauta e cos instrumentos de lámina e de pequena percusión.

Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos de percusión: sons e morfoloxías.

Enunciar as características máis importantes dos períodos históricos que son obxecto de estudo en cada unidade.

Coiñecer as posibilidades de desprazamento nunha danza.

Seguir correctamente as audicións propostas coa axuda de ritmogramas e musicogramas.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

- As actividades seleccionadas son adecuados ás características do alumnado. (1-5)
- Os obxectivos didácticos programados en cada clase son alcanzables e motivadores para o alumnado. (1-5)
- Os contidos son adecuados para acadar os obxectivos didácticos propostos. (1-5)
- Os contidos secuenciados e temporalizados seguen unha organización de complexidade crecente. (1-5)
- As unidades didácticas réxense por unha temporalización lóxica. (1-5)
- O tempo dedicado a explicacións e posta en práctica dos contidos foi suficiente.(1-5)
- A metodoloxía empregada axústase ás necesidades e intereses do alumnado. (1-5)
- Hai unha maioría clara de alumnado que supera os estándares de aprendizaxe. (1-5)
- A colocación do alumnado e a formación de grupos favorece a atención

e motivación para realizar as actividades. (1-5)

9. TEMPORALIZACIÓN

Os contidos están estruturados en 6 unidades didácticas que se desenvolverán nun tempo aproximado de 6 semanas de xeito que se impartirán dúas unidades en cada trimestre: A primeira durante os meses de setembro e outubro, a segunda durante os meses de novembro e decembro, a terceira e a cuarta terán unha duración de 6 semanas cada unha comezando na segunda semana de xaneiro e rematando nos últimos días de marzo. A unidades didácticas 5 e 6 serán desenroladas nun período de 6 semanas cada unha, dende os primeiros días do mes de abril ata final de curso.

10. METODOLOXÍA

A metodoloxía será activa favorecendo a participación do alumnado.

Tratarase de crear un ambiente relaxado e silencioso como base para o desenrolo das actividades de escoita e interpretación.

Acompañaranse tódolos contidos de exemplos prácticos nos que o alumno sexa o protagonista.

As actividades estarán secuenciadas por niveles de dificultade e facilitarán o traballo de Competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.

Realizaranse en grupo o maior número de actividades posible.

Utilizaremos a pizarra dixital e un ordenador portátil cos que proxectaremos imaxes que axuden a manter o interese do alumnado, relacionando ditas imaxes con arquivos sonoros a través do programa notebook.

Utilizarase fichas fotocopiáveis para reforzar e analizar a aprendizaxe dos

conceptos da linguaxe musical e os instrumentos.

Tratarase de dispoñer do suficiente espazo na aula que favoreza a realización de actividades de movemento e danza.

Utilizaranse os instrumentos musicais da aula como recurso de motivación e goce do alumnado á hora de realizar actividades musicais en grupo.

O profesor utilizará instrumentos harmónicos como a guitarra ou o teclado para o acompañamento de cancións.

En caso de que durante o actual curso 2020-2021 se suspenderan as clases presenciais e houbera que realizar ensino a distancia, usaríamos a aula virtual. As actividades que se propoñerían serían similares ás do ensino presencial coa inevitable adaptación á situación de confinamento. Fariamos máis uso de vídeos, audios e fichas. Manteríamos o contacto a través de videoconferencia.

11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Pizarra dixital

Ordenador portátil

Imaxes e arquivos dixitalizados

Materiais para fotocopiar.

Contidos e recursos da plataforma E-dixgal.

Instrumentos harmónicos: guitarra, teclado, acordeón.

Instrumentos de percusión da clase. (Durante o curso 2020-2021 o uso dos instrumentos da clase será restrinxido debido ao actual estado de pandemia)

Fruta doce: utilizaremos este recurso traballando a parte técnica dentro da aula, con máscaras e sen producir son no instrumento. Logo practicaremos no exterior, en círculos grandes mantendo unha distancia de máis de dous metros. En caso de mal tempo poderemos recorrer a gravación de vídeo.

12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tratarase de levar a cabo un proceso de ensino e aprendizaxe o máis individualizado posible adoptando as seguintes medidas cando sexa necesario.

- Lectura colectiva do enunciado das actividades escritas, procurando axudarlle a compréndelo.
- Axudar á comprensión das actividades con explicacións claras acompañadas de exemplos.
- Asegurarse da comprensión das tarefas por parte da totalidade do alumnado.
- Potenciar a desinhibición na avaliación oral e potenciar esta nos casos nos que haxa máis dificultades para expresarse por escrito.
- Dar máis tempo para a realización de exercicios escritos. Tamén no caso de probas.
- Animar ao alumnado a participar nas actividades colectivas de interpretación.
- Potenciar que as intervencións individuais sexan de carácter desinhibido e tranquilo, e de carácter voluntario tendo en conta cada caso.

Teranse en conta as adaptación metodolóxicas a alumnado con trazos disléxicos e ao alumnado con TDAH, aínda que a maioría xa están recollidas non puntos anteriores.

Ademais cando sexa necesario levaremos a cabo outras medidas como adaptación de obxectivos en función das distintas etapas evolutivas e aprendizaxes previas. Priorización de contidos atendendo a determinadas capacidades segundo o momento concreto no que se atopen os alumnos/as, seleccionando os contidos que se consideren máis adecuados e adaptar logo os criterios de avaliación.

13. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Dende as clases de Educación musical fomentárase a lectura, a través da letras das cancións e pequenos textos teóricos relacionados coa materia.